

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

*Corrección de erros.-Orde do 5 de agosto de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 158, do xoves, 13 de agosto de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 13.487, no anexo, onde pon: «código posto: PR.B01.00.006.36170.015», debe dicir: «código posto: PR.B01.00.000.36170.015».

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 2 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 1513/2008, interposto por Pedro J. Landeira Méndez.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 1513/2008, interposto por Pedro J. Landeira Méndez, contra a resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 31 de outubro de 2008, pola que se desestima o recurso de alzada formulado contra a Resolución do 11 de xullo de 2008 (DOG nº 138, do 17 de xullo), do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), pola que se fan públicos diversos acordos referentes ao segundo exercicio do proceso selectivo.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

*Corrección de erros.-Resolución do 17 de xullo de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).*

Advertido erro na resolución antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 27 de xullo de 2009, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 12.700, débese cambiar o anexo polo seguinte:

#### ANEXO

Acceso libre.

Apelidos e nome	NIF	1º exame	2º exame	Concurso	Total
Aneiros García, Roberto	32640999-C	16,32	17,66	16	49,98

Promoción interna.

Apelidos e nome	NIF	1º exame	2º exame	Concurso	Total
López Prado Nistal, Covadonga	9353294-E	18,23	17,16	3,98	39,97

*Resolución do 21 de xullo de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 064 (oficial 1ª tractorista//tractorista e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 61, do 28 de marzo), pola que se publican as notas do cuarto exercicio do proceso selectivo pola quenda de acceso libre.*

En sesión que tivo lugar o día 21 de xullo de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de decembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 064 (oficial 1ª tractorista//tractorista e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Desestimar na súa totalidade as reclamacións e alegacións presentadas ás puntuacións do terceiro exercicio, publicadas mediante a Resolución do 9 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 116, do 16 de xuño de 2009).

De conformidade co disposto na norma derradeira da orde da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-De acordo co establecido na base II.2.I.c) da orde da convocatoria, declarar que superou o cuarto exercicio na fase de oposición (proba de tradución) na quenda de acceso libre coa cualificación de apto o seguinte aspirante:

José Manuel Calvo Rey.

Terceiro.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao cuarto exercicio do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na sede electrónica da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-De acordo co disposto na base II.2.2 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2009.

Ángel Míguez López  
Presidente do tribunal

*Resolución do 5 de agosto de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 204/2009, interposto por José García García.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 204/2009, interposto por José García García, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso extraordinario de revisión formulado contra a Resolución do 7 de decembro de 2005 (DOG nº 243, do 21 de decembro) do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios, pola que se publica a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, con-

tados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2009.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 19 de agosto de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura directiva do Hospital Comarcal de Monforte.*

Convocada por Orde do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 147, de 29 de xullo de 2009), a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura directiva do Hospital Comarcal de Monforte, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura organizativa do Hospital Comarcal de Monforte, anunciada por Orde do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 147, do 29 de xullo de 2009).

Segundo.-Seleccionar para a praza que se indica a persoa citada no anexo I desta orde, para os efectos da súa contratación, ao abeiro do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

### ANEXO

Posto: director xerente.

Nome e apelidos: Benigno Pérez Martínez.

Centro: Hospital Comarcal de Monforte.

Localidade: Monforte de Lemos.